



DATOS IDENTIFICATIVOS

Introdución ao feito relixioso e ao cristián

Materia	Introdución ao feito relixioso e ao cristián			
Código	005G120V01908			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Grande Seara, Julio			
Profesorado	Grande Seara, Julio			
Correo-e	juliogrseara@yahoo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese unha aproximación ao feito relixioso nas diversas culturas, así como á súa influencia social, ética e cultural			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B6	Capacidade de xestión da información
B9	Traballo en equipo
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B21	Motivación pola calidade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer as áreas curriculares de Educación Primaria	A1	B2
Deseñar, planificar e avaliar os procesos de ensino	A2	B2
Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente	A10	B2 B9 B15
Coñecer e aplicar no aula as tecnoloxías da información e a comunicación	A11	B6 B15 B17
Coñecer os principios básicos das ciencias sociais. Coñecer o curriculum escolar das ciencias sociais	A12	B13 B21
Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura	A8	B1 B19
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos alumnos	A4	B3 B9 B13
Coñecer os principais contidos do feito relixioso cristián	A1	B1 B14 B19
Coñecer o feito relixioso nas diversas culturas así como a súa influencia social, ética e cultural	A4 A7	B12 B14 B19

Contidos

Tema	
I.- O FEITO RELIXIOSO NA HISTORIA E NA CULTURA	Tema1.- O Feito Relixioso e as súas distintas manifestacións sociais, morais, culturais, artísticas.Tema 2.- O Feito Relixioso hoxe. Principais tradicións e crenzas relixiosas presentes na nosa sociedade: o Cristianismo, o Judaísmo, O Islam
II.- O FEITO RELIXIOSO CRISTIÁN E OS SEUS VALORES	Tema 3.- Influencia do Cristianismo no noso patrimonio cultural.Tema 4.- Os valores cívicos e éticos desde a perspectiva relixiosa católica.Tema 5.- Achea da formación relixiosa á educación integral.
III.- INICIACIÓN AO COÑECEMENTO DA BIBLIA	Tema 6.- A Biblia palabra de Deus. A revelación de Deus na Biblia.Tema 7.- A Biblia, palabra humana. Estrutura e Libros que compoñen a Biblia.Tema 8.- Orixe e formación do Antigo Testamento e do Novo Testamento.
IV.- A ALIANZA DE DEUS CO SEUPOBO	Tema 9.- A revelación de Deus na historia: significado relixioso da historia de Israel. Tema 10.- Grandes temas bíblicos e a súa significación relixiosa e social: Éxodo, Alianza, Profetas.Tema 11.- Personaxes bíblicos e o seu significado na experiencia cristiá.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	60	85
Estudos/actividades previos	0	34.5	34.5
Traballos de aula	17	0	17
Presentacións/exposicións	0.5	3	3.5
Foros de discusión	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e/ou directrices dun traballo, ou exercicio a desenvolver polo estudante. Visionado de vídeos sobre temas bíblicos e a súa influencia na cultura actual
Estudos/actividades previos	Lectura de forma autónoma por parte do alumnado da documentación recomendada polo profesor que lles facilite o seguimento posterior das sesións maxistrais
Traballos de aula	Elaboración en grupo de unidades didácticas sobre parábolas e/ou personaxes bíblicos
Presentacións/exposicións	Exposición no aula da unidade didáctica elaborada en grupo
Foros de discusión	Debates no aula sobre temas actuais sobre o fenómeno relixioso

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Sesión maxistral	No horario de tutorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver.
Estudos/actividades previos	No horario de tutorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver.
Traballos de aula	No horario de tutorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver.
Foros de discusión	No horario de tutorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	O alumno/a deberá entregar ao final do cuadrimestre un breve resumo dos diversos temas explicados en clase.	50
Traballos de aula	Os alumnos deberán entregar a unidade didáctica elaborada en grupo na aula	25
Presentacións/exposicións	Os alumnos deberán expoñer na aula, utilizando os recursos que estimen adecuados, a unidade didáctica elaborada y entregada previamente	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles/as alumnos/as que non poidan asistir regularmente a clase e, por tanto, non poidan seguir o sistema de avaliación continua exposto anteriormente, serán avaliados/as conforme ao seguinte sistema:

- Deberán elaborar individualmente unha unidade didáctica sobre un tema que lle indicará o profesor, que suporá o 25% da cualificación final.
- Deberán entregar un resumo dos temas que figuran no programa, que suporá o 50% da cualificación final.
- Na data prevista no calendario de exames deberán expor un dos temas que previamente resumiron, elixido por sorteo, que suporá o 25% da cualificación final.

Este mesmo sistema de avaliación aplicarase aos/as alumnos/as que non superen a materia e deban acudir á segunda convocatoria.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade, no espazo DATAS EXAMES

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.

- DELUMEAU, J. (1995), El hecho religioso. Enciclopedia de las grandes religiones. Alianza.
- GONZÁLEZ CARBAJAL, L. (1991), Ideas y creencias del hombre actual. Santander. Sal Terrae.
- GARCÍA HERNANDO, J. (1983), Pluralismo religioso en España, vol. II, Sectas y religiones no cristianas. Madrid. S.E.

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA.

- SAMUEL, A. (1991), Para comprender las religiones en nuestro tiempo. Navarra. Ed. Verbo Divino.
- SICRE, J.L. (2000), Introducción al Antiguo Testamento. Navarra. Ed. Verbo Divino.
- CROATTO, J.S. (2002), Experiencia de lo sagrado. Estudio de fenomenología de la religión. Navarra. Verbo Divino

Recomendacións

Outros comentarios

Os/AS ALUMNOS/AS QUE CURSEN E SUPEREN ESTA MATERIA CONTARÁN CON 6 ECTS CONDUCENTES A LA OBTENCIÓN DA DECLARACIÓN ECLESIASTICA DE IDONEIDADE (D.E.I.) A FIN DE PODER IMPARTIR CLASES DE RELIXIÓN CATÓLICA (B.O.E. núm. 300, de 15 de decembro de 179 e RD 1440/1991, en B.O.E. núm. 224 de 11 de outubro de 1991).
